



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
FORMACIÓN PROFESIONAL E
UNIVERSIDADES
I.E.S. GARCÍA BARBÓN – VERÍN
S A Í D A
NÚM 24S/00372
DATA 25/10/2024

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a **convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS, NAIS E TITORAS LEGAIS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **TRES** pais/nais, dun total de TRES que debe ter o Consello Escolar.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As **reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 7 de novembro.**
- 3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. **As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 28 de outubro de 2024 ata as 14'00 horas do día 7 de novembro.**
- 4.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/ as, **o día 12 de novembro, ás 11:20 horas.** Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores/as legais, elixidos por sorteo, actuando de secretario/a o de menor idade.
- 5.- A **campaña electoral comprenderá dende o 15 ao 20 de novembro, ambos días inclusive.** As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. O día 21 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que estean avalados cando menos pola firma de DOUS electores/as.





7.- **As votacións realizaranse neste IES o día 22 de novembro, de 12:00 a 13:00 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 11:50 horas.**

8.- Na **papeleta de votación** cada elector/a fará constar un **máximo de DOUS nomes dos candidatos presentados**, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. **O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.**

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Verín, 25 de outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

A Directora: María Soledad Gómez Cerradelo

